

# PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

---

## MANIFESTO

As seguintes organizacións do sector educativo galego: CONFAPA, Federación do Ensino de CCOO, FETE-UGT, IESGA, Sindicato de Estudantes e Escola Viva constituímos a **PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO**. Esta plataforma decidiu apoiar o seguinte manifesto e dicir BASTA XA aos recortes no ensino.

Dende o inicio da crise, as institucións europeas, dominadas pola ideoloxía neoliberal e os partidos conservadores, impuxeron unha política que se basea exclusivamente na redución do déficit nos prazos imposibles de asumir.

O goberno do PP asume estas políticas e aborda un recorte dos servizos públicos que pon en perigo o estado do benestar, tal como o coñecemos hoxe en día.

A educación é un servizo público que debe garantir a igualdade de oportunidades. Non é un ben de mercado polo que non podemos aceptar a extensión das regras do mercado aos bens educativos.

A Educación como dereito de toda a cidadanía debe ser garantida polas administracións. Por isto as administracións deben reforzar os elementos compensadores para garantir a equidade e igualdade, porque unha educación que non é de calidade para todos non é de calidade para ninguén.

A realidade está moi lonxe destes presupostos. En Galicia a aplicación destas políticas de recortes xa comezou no 2009 coa redución de máis de 500 millóns de euros ata o día de hoxe. Dende ese ano podemos observar:

- Redución de cadros de persoal. Case 2.000 docentes menos a data de hoxe.
- No capítulo orzamentario da “prevención do abandono escolar” hai unha redución dun 23,6 %.
- Despilfarro de 18 millóns de euros en catro anos no concerto de centros que segregan ao alumnado por razón de sexo.
- Desaparición do programa de gratuidade dos libros de texto.
- Peche de comedores escolares na zona rural.
- Supresión de ciclos formativos...
- Abandono do mantemento e conservación das infraestruturas escolares.

Os PXE para o ano 2012 establecen un recorte do 22% no Ministerio de Educación, moi superior á media do 16,9% contemplada para a maioría dos departamentos ministeriais. Dous días máis tarde anúnciansenos un recorte orzamentario adicional de 10.000 millóns en sanidade e educación. En educación concrétese en recortar 3.000 millóns a base de aumentar o número de alumnos por aula, de reducir os cadros de

persoal mediante o incremento da xornada dos docentes, de paralizar a aplicación de determinados ciclos formativos, de incrementar as taxas universitarias,...

Estes novos recortes e as medidas presentadas no RDL 14/2012 afondase máis na liña iniciada pola Xunta de Galicia e seguirase a reducir profesorado, desaparecen os programas escola 2.0 e educa 3, menor investimento en programas de redución de abandono e fracaso escolar...

- Incremento de rateos: o RDL faculta á Xunta para esta medida en calquera momento. As consecuencias son a imposibilidade dunha atención individualizada e dunha adecuada atención á diversidade.
- Incremento do horario lectivo semanal ao profesorado. Como consecuencia: impartición de materias nas que non se é especialista, menor horario para realizar funcións inherentes á docencia, como son as titorías, coordinación dos departamentos, preparación das clases...
- Non substitución do profesorado durante as primeiras dúas semanas: o alumnado será custodiado por un docente distinto cada hora, pero non poderá seguir a programación ordinaria.
- Se atrasa a implantación do ciclos de 2.000 horas de FP. Os novos títulos con un incremento horario que permite adaptar as ensinanzas á realidade laboral non se ofertarán o vindeiro curso co prexuízo que isto vai causar ao alumnado.
- O incremento de taxas universitarias e a restrición na política de bolsas, como consecuencia dunha redución do investimento no ensino superior, é unha medida ligada a unha concepción elitista da Universidade e encamiñada á privatización das universidades.
- Desprezo do papel investigador da Universidade na sociedade do coñecemento, coa consecuente redución orzamentaria.

Estas medidas en educación suporán un deterioro da calidade do ensino (así o indican todos os informes internacionais) e cebaranse nos sectores máis desfavorecidos da poboación, afectando gravemente á igualdade de oportunidades. Non mellorarán a situación económica e si representarán un retroceso de máis de trinta anos na calidade de servizos tan esenciais como a educación e a sanidade.

Por este motivo a **PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO** rexeita os recortes en educación e esixe ao goberno galego e ao goberno do Estado un cambio de rumbo no que a súa política educativa se refire. A única forma de saír da crise de forma equilibrada e cun maior investimento na formación e educación dos nosos xoves.

Santiago de Compostela 3 de maio de 2012